

Os "Pioghosos"

Por

Carlos Quirós

SEC.1 EXT-RÚA-MEDIODÍA

RUFINO, mendigo duns 40 anos, cabelo longo, barba de varias semanas, e roupas vellas camiña taciturno pola rúa. Nas súas mans pecha un pequeniño peto de coiro onde se poden observar varias moedas soltas. Mentres camiña lentamente mira arredor o rebumbio da cidade, o alboroto dos coches, berros que proceden dunha fiestra entre un home e unha muller. O seu rostro parece canso pero a súa mirada transmite esperanza. Mentres camiña pola rúa un COMERCIAL duns 25 anos cun maletín pasa espilido polo seu carón petándolle lixeiramente pero sen desviar o seu apresurado camiño. RUFINO nega coa cabeza e continúa o seu camiñar lento e pausado.

SEC.2 EXT-PARQUE-MEDIODÍA

Obsérvase un cartón aos pés dun banco. Está escrito a man e amosa a seguinte mensaxe "UN HA AXUDA POR FAVOR". Ao carón del CROMO, mendigo duns 45 anos, desleixado, non moi alto e moi delgado, de gafas grosas, con gorro de orelleiras, moi pouco cabelo longo e roupas vellas e suxas; aparece sentado, co corpo algo deitado, inclinado, sobre o banco. Dende a súa posición somente se aprezen os pés dos viandantes camiñando por diante del. Os pés dunha SEÑORA páranse á altura de CROMO e deixan unha moeda de 10 céntimos nunha caixiña que CROMO terma nunha man.

CROMO
(case sen abrir a boca)
Grazas señora...

CROMO observa agora a súa caixiña. Nela obsérvanse 5 moedas de entre 10, 20 e 5 céntimos. A cara de CROMO é pensativa e a súa expresión é de tristura. O rostro de CROMO torna en sorpresa e agrado ao observar como varias moedas caen dende altura na súa caixiña. Cando CROMO ergue a cabeza para ver de onde proceden observa o rostro amigable de RUFINO baleirando a seu petiño de coiro na gorra de CROMO.

RUFINO
(EN OFF)
Encántame ver a cara que pon CROMO
cando descobre que hoxe toca comer
quente.

TÍTULOS DE CRÉDITO: "OS PIOGHOSOS"

SEC.3 EXT-PARQUE CHURRASCO-DÍA

Obsérvase unha navalla BRUXA que se abre ante nós. A navalla, que terma RUFINO pincha un anaco de costela de porco que se está a asar nunha grella. RUFINO diríxese coa costela pinchada cara a unha mesa onde se atopa CROMO comendo o seu respectivo anaco de carne. CROMO come apresurado sen erguer a vista do seu delicioso manxar.

RUFINO

(EN OFF)

Non me lembro se este era o noso mellor xantar en moito tempo, pero dende logo o parecía

RUFINO

(sentándose na mesa)

Vaste atragantar

CROMO

(sen erguer a vista)

Arm, arm, ...

RUFINO

(EN OFF)

Daba gusto ver xantar ao meu bo amigo CROMO

RUFINO comeza a xantar o seu anaco de carne mentres mira de esguello a CROMO

SEC.4 EXT-CALITA/PRAIA-DÍA

CROMO tumbado nunha rocha boca arriba mira ao ceo, ten un palillo suxo na boca e amosa un rostro de felicidade

RUFINO

(EN OFF)

CROMO chamábase así porque dende pequenos sempre pensabamos que esa cara somentes podía existir nunha pegatina

CROMO

Que ben xantamos hoxe carallo!

RUFINO

(tumbado tamén mirando ao ceo)

Si... pero non podemos seguir así, no Parque ultimamente somentes baixan os nenos a pasear aos cans e non che dan un peso. Deberíamos

(MORE)

(CONTINUED)

RUFINO (cont'd)
probar en Vilaseca, os currantes
sempre nos trataron ben

CROMO
A Vilaseca? Pero ti toleaches? Non
escoitaches que agora hay roubos
case todos os días?

RUFINO
E que queres que sigamos así?
Xantando un día si e catro non?
Ademáis quen carallo nos vai roubar
a nós?, Non temos nada...

CROMO
(mira as súas pertenzas
contrariado polas palabras de
RUFINO)
Bueno como queiras. Pero eu lévo
todo...

SEC.5 EXT.-CAMIÑOS-SERÁN

CROMO carga coas súas mantas ás costas e varios cartóns que
case tapen toda a súa bicicleta.

RUFINO
(EN OFF)
Cando CROMO dicía "todo" referíase
a isto. O barrio de Vilaseca estaba
tan só a catro ou cinco kilómetros
do Parque pero a CROMO iso lle
parecía un abismo.

RUFINO e CROMO viaxan en bicicleta por varios camiños cara
ao seu destino. Semellan contentos. RUFINO agarda ao final
dunha pendente ao seu amigo CROMO cun sorriso. CROMO semella
abafado pola dureza do repeito.

SEC.6 EXT.-PRAZA VILASECA-NOITE

RUFINO e CROMO chegan á praza e deixan as súas pertenzas no
chan mentres se deitan esgotados.

RUFINO
(EN OFF)
Non sabíamos o que nos agardaría
neste novo intento por mellorar
pero non sei por que eu pensaba que
esta vez ía saír ben

SEC.7 EXT.-PRAZA VILASECA-MAÑÁ

RUFINO durme nunha praza onde se observa moito movemento de xentío, chisca un ollo ao escoitar unha voz familiar que se repite

CROMO
(entre ledicia e sorpresa)
Moitas grazas Señora, Moitas grazas
Señor

Óense moedas caendo enriba doutras moedas

RUFINO observa preto del como nas portas dun bar os viandantes deixan moedas na gorra de CROMO, que está sentado nas escaleiras. RUFINO comeza a erguerse abraiado.

RUFINO
(EN OFF)
Era unha milagre, non pensaba que
nos foran saíres tan ben as cousas
nada máis chegar pero aí o
tiñamos...

RUFINO mira fixamente a CROMO que lle devolve a mirada e o saúda con ledicia

RUFINO
(EN OFF)
Nunca o vira tan contento, nin
sequera aquela vez que lle trouxen
aquele maldito gorro que non quitaba
da cabeza.

Do interior do bar sae BRUXA, morena de pel, fraca, malencarada, desgastada, duns 45 anos, viste roupa "cara" e zapatos de tacón. Párase na porta mirando con desprezo a CROMO

BRUXA
A ver, que pasa? Non tes outro
sitio onde pedir esmola?

CROMO
(titubeando)
Co... como?

BRUXA
(interrumpindo)
Non creo que comas moito. Pero non
te quero aquí, que os meus clientes
si que comen e non creo que lles
agrade estar vendo "pioghosos" na
porta mentres o fan...

(CONTINUED)

CROMO
(continúa co seu titubeo)
Pe... pero eu...

BRUXA
Non me contes historias aínda
quererás que che deixe as sobras.
Veña!, fóra de aquí!

RUFINO, que estaba a observar, intercede na conversa

RUFINO
Tranquila señora, xa marchamos de
aquí; acabamos de chegar e non
queremos molestar. Veña CROMO!

RUFINO axuda a CROMO a se erguer e recoller as súas cousas
da porta do bar. CROMO parece asustado e amedrentado pola
actitude da BRUXA.

BRUXA
CROMO! Ese nome lle ven cuspidos,
aínda que a min se me ocorren
moitos máis que tamén lle acaerían
jajaja

A BRUXA xírase cara ao interior do local mentres RUFINO e
CROMO voltan cara á praza.

BRUXA
O que nos faltaba no barrio,
encherse de vagabundos.

RUFINO
(EN OFF)
Evidentemente adaptarnos non ía ser
tan sinxelo como semellaba

RUFINO
(dirixíndose a CROMO mentres
lle axuda a levar as cousas)
Como estás? Que tal che foi?

CROMO
(abrindo e amosándolle
lixeiramente a caixiña con
bastantes moedas a RUFINO)
Estou ben, hoxe invito eu.

CROMO esboza un lixeiro sorriso

RUFINO
(EN OFF)
Ao fin e ao cabo estabamos afeitos
e a cousa non fora nada mal.

SEC.8 EXT-PASEO-MEDIODÍA

RUFINO e CROMO están a xantar un bocadillo cada un sentados nun banco do parque. Teñen un cartón de viño para beberen entre bocado e bocado.

Por diante do seu banco observan un ATLETA correndo cos cascos escoitando música e mirando un cronómetro. Ambos os dous ségueno coa mirada con expresión contrariada.

Eles continúan cos seus bocados e observan un MATRIMONIO duns 40 anos, vestidos con roupas caras e paseando un can pequeno. O MATRIMONIO non fala e camiñan separados un do outro.

RUFINO e CROMO obsérvanos pasar por diante deles, míranse e seguen xantando.

RUFINO (EN OFF)
Era certo que todo semellaba ir
mellor pero nese breve instante
cheguei a me preguntar quen eran
realmente os desgrazados das
persoas que estabamos naquel lugar.

SEC.9 EXT.-PRAZA VILASECA-DÍA

RUFINO (EN OFF)
As cousas estaban a se pór
realmente feas no barrio

LADRÓN, duns 20 anos, corre desesperadamente cun xamón entre os brazos. Por detrás del aparece perseguíndoo un CARNICEIRO, duns 50 anos, con bigote e un mandil branco cheo de sangue. Terma dun machado cheo de sangue que leva ergueito.

LADRÓN pasa a carón de CROMO. Bate nel e tírao ao chan, caendo nas escaleiras do bar da BRUXA. RUFINO, que estaba ao seu carón tenta a axudalo.

LADRÓN xira nun curruncho con moita vantaxe sobre CARNICEIRO, que esgotado frea á altura do bar.

(CONTINUED)

CARNICEIRO
(berrando)
Fillo de Puta!!! É o terceiro xamón
que me levan esta semana. Vanme
levar á ruína!!

Do interior do bar aparece BRUXA fumando un cigarro

BRUXA
Queixaraste... A min si que me van
arruinar. Dende que teño estos
pioghosos aquí non levanto cabeza!

A BRUXA mira con desprezo a CROMO. CROMO asustado érguese do golpe recibido e mira contrariado a RUFINO

RUFINO (EN OFF)
Dende logo aquela BRUXA odiábanos

SEC.10 EXT.-PRAZA VILASECA-DÍA

Unha cantidade de moedas van caendo na caixiña de CROMO. Esta suxéitase cada vez por unha man diferente, a de RUFINO e a de CROMO. A caixiña cada vez échese máis

RUFINO (EN OFF)
Tras case un mes no barrio a
situación non podía ser mellor para
nós

SEC.11 EXT-PARQUE VILASECA-DÍA

RUFINO e CROMO rin especialmente ledos sentados nun banco. Brindan con dúas cervexas.

RUFINO (EN OFF)
Á fin podíamos disfrutar dos
marabillosos praceres da vida

RUFINO e CROMO saborean un grolo de cervexa.

SEC.12 EXT-RÚA PENSIÓN.-DÍA

RUFINO e CROMO están cargados coas súas pertenzas á porta dunha BRUXA pensión. Ambos míranse dubitativos. CROMO amosa a caixiña cuns 30 ou 40 euros en moedas soltas. RUFINO a mira e da un empurrón a CROMO para animalo a avanzar.

RUFINO (EN OFF)
Ata conseguimos lembrar o que era
dormir baixo teito tras moito tempo

RUFINO e CROMO dan un paso adiante avanzando cara á porta da pensión.

SEC.13 EXT.-PRAZA VILASECA-DÍA

RUFINO (EN OFF)
Mesmo empezabamos a anovar o noso
peculiar vestiario

RUFINO e CROMO semellan agora máis aseados. RUFINO saca o vello gorro da cabeza de CROMO e ponlle un novo gorro con orelleiras. CROMO ri feliz, séntese a gusto.

Tras eles BRUXA está a pechar o seu negocio. Baixa a grella e diríxese a colgar un cartón.

RUFINO (EN OFF)
Agora ben, non a todo o mundo lle
ía tan ben coma a nós no barrio.

BRUXA colga un cartón que di "VÉNDESE, RAZÓN: OS PIOGHOSOS"

BRUXA dá a volta, baixo a atenta mirada dos mendigos, mira con desprezo a CROMO e marcha.

SEC.14 EXT.-PRAZA VILASECA-MAÑÁ

CROMO dorme feliz co seu novo gorro de orelleiras na cabeza. Entreabre un ollo e observa a POLICÍA, quen o colle polos brazos e o ergue de xeito sobresaltado. O seu gorro cae ao chan.

POLICÍA
Ti, vén comigo!

CROMO
(asustado)
Pe... pero...

POLICÍA
Pero nada, tivéralo pensado antes.

RUFINO
(sobresaltado polo acontecido)
Pero que pasou? El non fixo nada...

POLICÍA leva obrigado a CROMO e vanse alonxando progresivamente. Tras eles obsérvase a porta do bar entreaberta.

POLICÍA
O teu amiguiño, que aí onde o ves,
adícase a desbaratar os bares das
BRUXAS pola noite

CROMO
Eu, eu, eu non fixen nada!

RUFINO
(sorprendido mirando a porta
do bar entreaberta)
El seguro que non foi

POLICÍA
(cada vez máis lonxe)
Entón, como explicades isto?

POLICÍA amosa a caixiña dos cartos de CROMO cheo de billetes de 50 euros

POLICÍA
E que agora vos dan as esmolos de
50 en 50?

RUFINO
El non colleu eses cartos

POLICÍA
(xa case abandoando a praza)
Claro, ...e isto tampouco é del,
verdade? E que facía tirado no chan
do bar hoxe pola mañá?

RUFINO queda pasmado observando o vello gorro de CROMO nas mans do POLICÍA

RUFINO (EN OFF)
Cando vin o gorro de CROMO nas mans
do POLICÍA quedeime abraiado.

CROMO
(berrando desesperado e con
bágoas)
RUFINO, eu non fun! Axúdame!

RUFINO (EN OFF)
Eu xa sabía que el nunca faría algo
así. Pero, qué podía facer? Quen ía
crer a dous pioghosos coma nós?

RUFINO observa como CROMO e o POLICÍA marchan e baixa a cabeza afundido. No chan observa o novo gorro de CROMO

SEC.15 EXT-CALEXÓN VELLO-SERÁN, CASE NOITE

RUFINO camiña taciturno co novo gorro de CROMO na cabeza. Na man leva un cartón de viño ao que lle pimpla un grolo de cando en vez.

RUFINO (EN OFF)

Agora si que todo estaba perdido. A BRUXA aquela dirá que se sentía ameazada e a CROMO lle caerá un ano cunha fianza duns trescentos ou catrocentos euros. Pero... como ía eu conseguir eses cartos? Non aguantará un ano. Na cárcere un tipo como CROMO sería obxecto de todos os insultos e abusos (ou cousas aínda piores).

RUFINO séntase medio deitado ao carón duns bidóns de lixo. Semella totalmente derrotado polas adversidades. Dá un grolo ao viño. Ao lonxe óense sereas de policía.

RUFINO (EN OFF)

Nós nunca tivemos ningunha ambición por prosperar nas nosas vidas. Se atopasemos unha bolsa chea de cartos a devolveríamos sen o dubidar. Sobre todo CROMO. Se un día atopou unha moeda holandesa na súa caixiña e quería ir correndo a enviala por correo a Amsterdam! Non era xusto.

RUFINO baixa a cabeza laiándose. Colle o gorro que leva na cabeza coas mans, o mira e o tira bruscamente ao chan.

As sereas soan agora máis preto e uns pasos rápidos semellan acercarse pola rúa.

RUFINO oe a dúas persoas correndo apresuradamente polo calexón e procede a agocharse tralos bidóns. A tapa dun dos bidóns érguese diante dos seus ollos.

LADRÓN2, tamén duns 20 anos, para en seco tras ver que LADRÓN se detén ao carón do bidón.

LADRÓN2

Pero, tío! Que fas! Vamos!

(CONTINUED)

LADRÓN

Tranquilo faime caso. Hai que
deixar isto aquí. Logo xa o
colleremos

LADRÓN2

Veña hostia!!!

LADRÓN tira unha bolsa dentro do bidón e ambos marchan
correndo cara a fóra do calexón

RUFINO abandona agora o lugar onde se agochaba, observa que
ninguén se atopa ao seu derredor e abre a porta do bidón.
Dentro observa unha bolsa. Ábrea de vagar e con cautela e
queda agradablemente abraiado cando olla o interior.

RUFINO (EN OFF)(NA SÚA CONSCIENCIA)

Nós nunca tivemos ningunha ambición
por prosperar nas nosas vidas. Se
atopasemos unha bolsa chea de
cartos a devolveríamos sen o
dubidar.

RUFINO bota a man dentro do bidón e colle a bolsa

RUFINO (EN OFF)

Bueno, carallo!!!! Pero con CROMO
no trullo e a situación tal e como
estaba tampouco é que sexamos
parvos!!!

SEC.16 EXT-PRAZA VILASECA-DÍA

RUFINO está enriba dunha escaleira na porta do bar
reformando o cartón de "VÉNDESE RAZÓN: OS PIOGHOSOS"

RUFINO (EN OFF)

Estaba cheo de billetes de 50.
Paguei a fianza e CROMO saeu de
contado.

CROMO acércase a ollar o traballo de RUFINO que modifica o
cartón. Borra "VÉNDESE RAZ" e escribe "MES", así queda
"MESÓN OS PIOGHOSOS".

RUFINO coloca debaixo un cartón que pon "Menús Económicos"

RUFINO (EN OFF)

Máis tarde a policía descubriu que
aquela BRUXA organizara todo para
cobrar unha pasta do seguro, e de
paso sacarnos a nós do medio

(CONTINUED)

RUFINO baixa da escaleira de diríxese ao interior do mesmo

RUFINO (EN OFF)
Conseguimos facernos co bar na
subasta cos cartos que sobraron.

RUFINO sae do interior coas mans nas costas como se agochase algo e diríxese a CROMO

RUFINO (EN OFF)
E aínda chegou para facerlle un
regalo a CROMO que lle facía moita
falla.

RUFINO saca outro gorro novo colócallo na cabeza a CROMO que se sorprende e se alegra.

FIN